




LÚA TRIANGULAR

Nada é imposible!

"Espectáculo con perspectiva de xénero para crianzas que queren cambiar o conto"



"LÚA TRIANGULAR, nada é imposible" é un espectáculo de contacontos musical da artista Jara Ortiz, baseado no libro "Marta e a píntega" da autora Eli Ríos (Ed. Galaxia), onde a nena Marta coñece á píntega Oli e xuntas viaxan ao Mundo dos Contos, onde vivirán un montón de aventuras e transformarán o mundo nun lugar mellor, cheo de diversidade e máis xusto, onde sexamos iguais e as princesas dos contos poidan ser felices, creando e visibilizando as súas propias historias.



Actividade: o público participará de maneira activa e creativa a través das cancións deste espectáculo, viaxando da man da voz e a percusión de Jara Ortiz, nunha mestura de música e teatro onde o humor, a literatura, a muiñeira e a perspectiva de xénero tamén son protagonistas, porque nada é imposible!

Jara Ortiz é cantante, compositora e percusionista, con ampla experiencia docente como mestra de música tradicional, e ten percorrido a xeografía galega dando concertos didácticos en centros educativos, ademais dunha longa traxectoria como integrante de proxectos musico-teatrais infantís como os espectáculos "A Casa do Terror" e "Estamos no verán", xunto ao artista Xoán Curiel.

Público: nenas e nenos de 3 a 12 anos (e público familiar)

Duración: 45 minutos

Necesidades técnicas:

- 1 camerino ou espazo para cambiarse.
- 1 micro de diadema.
- Equipo de son adaptado ao espazo (dispoñemos dun pequeno equipo de son).
- Espazo de escena suficiente (mínimo 3m ancho)
- Escenografía:** montarase un banner de fondo de escena (de 3x2m, ancho/alto) onde se colgará diverso *atrezzo*.

Duración montaxe: 1h 15min // **Desmontaxe:** 30min



CONTRATACIÓN

JARA ORTIZ

jaraortiz@hotmail.com

659.308.606 (Jara)